

Faro *da* Cultura



O xeneral Prim na batalla de Castillejos, 1860 (Francisco Sans Cabot).
Na imaxe pequena: membros do primeiro Goberno Provisional, 1868.



Cómpre lembrar uns versos de Jaime Gil de Biedma (“De todas las historias de la Historia la más triste sin duda es la de España, porque termina mal”) á hora de evocar a Revolución de Setembro de 1868, coñecida popularmente tamén como “a setembrina” ou, nunha dimensión máis épica, “a Gloriosa”.

Na España do XIX, o tránsito a un réxime parlamentario homologable deviu lento e estreito. Máis alá do chamado trienio liberal (1820-1823), o absolutismo foi dominante con Fernando VII. Á súa morte en 1833, nin o Estatuto Real (1834) proclamado durante a rexencia da súa viúva, María Cristina de Borbón-Dúas Sicilias, nin, xa con Isabel II, as constitucións de 1837 e de 1845 apenas daban xogo parlamentario a moderados e liberais: foron aprobadas non por vocación democrática da coroa senón para aturar o levantamento de Carlos María de Borbón.

Un derradeiro esforzo foi o do xeneral O'Donnell en 1854 para formar a Unión Liberal, cos sectores menos exaltados de moderados e progresistas e garantir unha maioría parlamentaria. Esforzo fracasado cando o sucedeu Narváez, quen impuxo unha política represiva. Mortos ambos en 1868, a inestabilidade política –á que se engadía unha importante crise agraria, industrial e financeira– deixaba á raíña sen aliados.

Os sectores progresistas do exército –co xeneral Joan Prim, daquela exiliado en Londres, á cabeza– promoveron un pronunciamento con apoios civís. Regresado da capital inglesa, o 18 de setembro Prim sublevouse en Cádiz co almirante Juan B. Topete; o día 28, tropas comandadas polo xeral Francisco Serrano derrotaron en Alcolea (Córdoba) un

destacamento leal á raíña e, ao día seguinte, a sublevación da gornición de Madrid forzou a abdicación de Isabel II.

O novo goberno provisional establecía a elección dunha Asemblea constituínte por sufraxio universal (masculino) e, en paralelo, promulgou decretos en favor das liberdades civís (prensa, reunión, asociación, culto). Sen deixar de ser un pronunciamento, este de setembro de 1868 contou co apoio de sectores cidadáns pero sen que callara unha auténtica clase burguesa dirixente e unha masa de pequena burguesía e traballadores que a secundase, polo que ben axiña as novas autoridades tiveron que enfrontar diversos conflitos sociais.

A vontade modernizadora tiña que facer fronte a considerables retos, entre eles unha reforma territorial (incluídas as colonias e as ansias carlistas) nun marco de proxección iberista. Por primeira vez, había cataláns nun goberno: Prim e Laureano Figuerola, que impuxo a peseta como unidade monetaria. Outro reto era a designación dun novo monarca: dos eventuais candidatos –o duque de Montpensier; Fernando de Portugal, rei consorte e rexente; e Amadeo de Savoia, da casa reinante na Italia unificada– foi elixido este último.

Pero a morte de Prim en decembro de 1870, tras un atentado, e os poucos apoios que tiña o novo rei, non deixaron outra saída ás Cortes que proclamar a república en 1873. Desestabilizada desde dentro (de federal a unitaria con ditadura de Serrano, sen apoio dos reformistas) e desde fóra (os mesmos problemas que aturara Amadeo I: conflitos sociais, cantonalismo, guerra carlista, insurrección cubana), aquela ilusión democrática resistiu apenas ano e medio.

A constitución aprobada en 1869 era a máis avanzada da Europa daquel tempo e establecía a orixe da soberanía popular na “nación española”, situaba as Cortes por riba do monarca, recoñecía as liberdades civís e democráticas (individuais e colectivas) e fixaba o sufraxio universal (masculino) como maneira para elixir o parlamento. Un feito que non deixou memoria colectiva (só Barcelona dedicoulle unha praza). Non sorprende por iso a ausencia de conmemoracións oficiais da Revolución de 1868 nin de anuncios para lembrar a constitución de 1869 (como si que sucedeu coa de 1812). Tal vez porque o respecto á dinastía –máis que á coroa– segue a marcar a interpretación da Historia.

Setembro e Revolución

No 150º aniversario da “Gloriosa”

JOAQUIM VENTURA

ARTE: URBANO LUGRÍS,
PINTOR MAIOR DO MAR / PÁX. III

ENTREVISTA CO ESCRITOR
ANTONIO GARCÍA TEJEIRO / PÁX. V

ESCENA: FERVENZAS TEATRAIS
SOVIÉTICAS / PÁX. VIII